| CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar. | - A convivencia social.<br>- Os desafíos da democracia actual. | PE | 55 |
| CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos. | - A convivencia social.<br>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. | | |
| CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica. | - A participación democrática: ser cidadáns. | | |
| CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos. | - Ética e dereito.<br>- A convivencia social. | | |
| CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais. | - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.<br>- Protección e dereitos dos animais. | | |
| CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | - A convivencia social.<br>- A participación democrática: ser cidadáns. | | |
| CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual. | - A natureza humana.<br>- A educación de emocións e sentimentos. | TI | 45 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | - A convivencia social.<br>- A igualdade de xénero. | | |
| CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos. | - Os desafíos da democracia actual.<br>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. | | |
| CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos. | - A convivencia social.<br>- A igualdade de xénero. | | |
| CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos. | - A natureza humana.<br>- A educación de emocións e sentimentos.<br>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A natureza humana.<br>- A educación de emocións e sentimentos.<br>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.<br>- Ética e dereito.<br>- O debate sobre a liberdade de expresión.<br>- A convivencia social.<br>- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.<br>- A resolución pacífica de conflitos. |

| Contidos |
| --- |
| - A participación democrática: ser cidadáns.<br>- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.<br>- A procura da xustiza social.<br>- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.<br>- Globalización económica e bens públicos globais.<br>- O comercio xusto.<br>- O valor social dos impostos.<br>- A igualdade de xénero.<br>- As diversas ondas e correntes do feminismo.<br>- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.<br>- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.<br>- A sociedade e a cidadanía plural.<br>- O interculturalismo.<br>- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.<br>- Os dereitos LGTBIQ+.<br>- A convivencia pacífica e segura.<br>- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.<br>- A atención ás vítimas da violencia.<br>- Accións individuais e colectivas en favor da paz.<br>- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.<br>- O dereito internacional e a cidadanía global.<br>- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.<br>- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.<br>- Os desafíos da democracia actual.<br>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.<br>- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.<br>- Protección e dereitos dos animais.<br>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.<br>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | A visión ecosocial | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar. | - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. | PE | 55 |
| CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos. | - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.<br>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. | | |
| CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica. | - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.<br>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. | | |
| CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan. | - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.<br>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.<br>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. | | |
| CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais. | - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.<br>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.<br>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. | | |
| CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.<br>- A educación de emocións e sentimentos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual. | - A natureza humana.<br>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.<br>- A igualdade de xénero. | TI | 45 |
| CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.<br>- A igualdade de xénero. | | |
| CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos. | - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.<br>- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.<br>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. | | |
| CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos. | - A igualdade de xénero.<br>- Os desafíos da democracia actual. | | |
| CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas. | - Protección e dereitos dos animais.<br>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A natureza humana.<br>- A educación de emocións e sentimentos.<br>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.<br>- A igualdade de xénero.<br>- Os desafíos da democracia actual.<br>- As éticas aplicadas.<br>- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.<br>- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. |

| Contidos |
|---|
| - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. |
| - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia. |
| - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. |
| - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. |
| - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. |
| - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. |
| - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. |
| - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable. |
| - Consumo responsable e soberanía alimentaria. |
| - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. |
| - Xustiza ecolóxica. |
| - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. |
| - Ecofeminismo e ética do coidado. |
| - Protección e dereitos dos animais. |
| - Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os aspectos xerais da metodoloxía que se porá en marcha na presente materia son os seguintes:

1- Partir da competencia inicial do alumnado
2- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno/a
3- Potenciar as metodoloxía activas
4- Combinar traballo individual e cooperativo
5- Aprendizaxe por proxectos naqueles apartados específicamente indicados
6- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
7- Uso habitual das TIC
8- Papel facilitador do profesor/a

As estratexias metódolóxicas incluirán a memorización comprensiva, a indagación e investigación sobre documentos audiovisuais e textos, elaboración de sínteses, mapas conceptuais e comentarios de textos, así mesmo empregaranse tamén exposicións orais e disertacións, debates e escritura creativa, que permitan aos alumnos expresar dun xeito dinámico a súa propia maneira de articular as aprendizaxes.

No tocante á secuenciación do traballo de aula, sirva como guía rectora para a práctica de aula o seguinte esquema (cuxas variacións van a depender das características específicas do alumnado desta materia):

1. Motivación:
- Presentación actividade con mapas conceptuais, textos, fotos,etc.
Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

2. Traballo persoal:
- Lectura e comprensión de textos
- Análise e comentario de textos, pequenas disertacións, etc.
- Resposta a preguntas
- Resolución de problemas
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de sínteses e mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva

3. Avaliación:
- Análise de producións: caderno, mapas conceptuais e comentarios de texto.
- Exposicións orais e probas orais con rúbricas.
- Probas escritas fundamentalmente.
- Observación do traballo na aula

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto |
| Aula virtual |
| Blog de contidos |
| Material achegado polo profesor |
| Libreta do alumnado |

Libro de texto: Educación en valores cívicos e éticos, ed. Vicens Vives, ISBN 9788468287645 (en lingua galega)

Blog de contidos: www.auladefilosofía.school.blog

Material achegado polo profesor: Apuntes que engadan contidos aos do libro, textos de lectura e comentario obrigatorio que propoña o docente, ou calquera outro material textual, audiovisual ou virtual que o responsable da materia considere oportuno e de interese para unha aprendizaxe correcta.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial producirase nos primeiros días de clase e consistirá nunha baterías de preguntas sobre os contidos máis salientables do currículo, de xeito que o docente poda facerse unha idea cabal da formación inicial coa que o alumnado comeza o curso. Igualmente, farase unha avaliación inicial específica na primeira sesión de cada unidade didactica a fin de localizar con máis precisión as necesidades individuais do alumnado no seu proceso de aprendizaxe. No caso de detectarse alumnado con NEE aplicaranse as medidas de atención á diversidade que fosen precisas, en coordinación co departamento de orientación.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **16** | **17** | **17** | **16** | **17** | **17** | **100** |
| **Proba escrita** | 55 | 55 | 55 | 55 | 55 | 55 | **55** |
| **Táboa de indicadores** | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | **45** |

**Criterios de cualificación:**

1. A avaliación continua realizarase mediante un sistema dobre:
Parte A: a execución de traballos, individuais ou colectivos, que se entregarán ao profesor para a súa cualificación e nos que se valorará o grao de consecución dos obxectivos de aprendizaxe dos diferentes bloques temáticos do curso. Nos traballos escritos ou orais requiridos polo profesor avaliaranse as competencias do alumnado en relación cos contidos de aprendizaxe e tamén a expresión, o léxico, a sintaxe e a ortografía. Estes traballos constituirán o 50% da nota da avaliación. Dentro deste apartado computarase todo o traballo de aula: a realización correcta de actividades, a resolución de preguntas orais mediante exposicións orais argumentadas e coherentes, a atención ás explicacións do profesor, a adquisición de competencias na procura autónoma de informacións, a libreta de actividades e a corrección no comportamento avaliaranse mediante observación directa por parte do docente e recolleranse mediante indicadores de logro.No traballo de aula valorarase a atención, a capacidade para resolver problemas ou preguntas que propoña o profesor ao fío da exposición, capacidade analítica e crítica cando se trata de defender os propios presupostos ou tesis, o uso adecuado da terminoloxía técnica específica desta materia e ter actualizado o caderno de clase.
Parte B: probas escritas. As probas escritas comporanse dunha secuencia de actividades que permitirán ao docente avaliar e cuantificar numéricamente o grao de consecución das competencias do alumnado. Cualificaranse de 0 a 10 puntos, considerándose superadas aquelas nas que se acade unha calificación de 5 ou máis puntos. A nota numérica das probas expresarase con dous decimais e non admitirá redondeo. A media de todas as probas escritas (no caso de que haxa máis de unha) de cada avaliación comporá o 100% da nota a que se refire esta Parte B. Copiar durante as probas escritas por calquera medio supón a retirada inmediata da proba e unha cualificación de 0 puntos. A ausencia a unha proba escrita, sexa cal for, supón unha cualificación nela de 0 puntos e para poder repetila noutra data deberá presentarse un xustificante oficial dalgunha administración pública cuxa aceptación dependerá do profesor/a da materia.
2. Notas de avaliación:
Farase a media entre as Partes A e B e, ao resultado, aplicaráselle o redondeo para obter a nota final de cada avaliación (redondéase ao enteiro seguinte a partir do 0,5). Só se considerará superada a avaliacion se se obtén unha calificación final de 5 ou máis puntos.
3. Nota final de curso:
Farase a media aritmética das tres avaliacións e aplicaráselle o correspondente redondeo. Considerarase superado o curso se se acada unha calificación de 5 ou máis puntos.

**Criterios de recuperación:**

1. Recuperación de avalacións non superadas:
Deberá realizar os exames de recuperación todo o alumnado indicado polo/a profesor/a da materia, ben porque non acadou unha cualificación de 5 puntos ou máis nunha proba puntual (sexa da parte A ou da B), ben porque non acadou unha cualificación de 5 ou máis puntos na nota de avaliación logo de ser aplicado o redondeo. Realizarase mediante unha proba escrita extraordinaria na que se reavaliarán as competencias do alumnado afectado relativas á Parte B, así como tamén deberá presentar todos os traballos que teña pendente de entregar correspondentes á Parte A). Considerarase superada se se acada unha calificación de 5 ou máis puntos.
2. Recuperación final de curso

Deberá realizar os exames de recuperación todo o alumnado indicado polo/a profesor/a da materia, ben porque non acadou unha cualificación de 5 puntos ou máis nunha avaliación en concreto incluso despois da recuperación de avaliación, ou ben porque non acadou unha cualificación de 5 ou máis puntos na nota media das tres avaliacións logo de ser aplicado o redondeo. Realizarase mediante unha proba escrita extraordinaria na que se reavaliarán as competencias do alumnado afectado relativas á Parte B, así como tamén deberá presentar todos os traballos que teña pendente de entregar correspondentes á Parte A). Considerarase superada se se acada unha calificación de 5 ou máis puntos.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A atención a alumnado con materias pendentes depende do xefe de departamento, quen atenderá dúbidas e programará cos alumnos/as as as actividades parciais precisas que se deberán entregar periódicamente segundo o calendario establecido polo docente. Se este seguimento e avaliación non permitise ao alumnado acadar os obxectivos, farase unha proba final que terá o mesmo formato que o das probas ordinarias do curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade serán as propias e implícitas da práctica docente, atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, adaptando probas e actividades ás diferentes capacidades, habilidades e competencias de cada alumno da materia. No tocante ao alumado con NEE, agardarase á avaliación inicial para tomar a decisión, se fose preciso e indicado para algún alumno/a, de facer unha adaptación curricular en coordinación co departamento de orientación, ou ben aplicar calquera das medidas de atención á diversidade que fosen precisas e contemple a lexislación vixente.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - A comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - As tecnoloxías da información e da comunicación | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación emocional e valores. | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento de la creatividade e do espírito científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación para a saúde (incluida la sexual) | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - A educación cívica e constitucional | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A igualdade efectiva entre homes e mulleres | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.10 - A prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade | X | X | X | X | X | X |
| ET.11 - A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Promover os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - O rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. | X | X | X | X | X | X |
| ET.14 - Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. | X | X | X | X | X | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Certame de ensaio filosófico | Daraselle a oportunidade ao alumnado de meterse na pel dun filósofo mediante a elaboración dun ensaio breve sobre un tema de especial significación filosófica proposto nas bases do certame | | | |
| Saída peripatética | Clase ao aire libre | | | |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? |
| 2. Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización? |
| 4. Engadiuse algún contido non previsto á programación? |
| 5. Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? |
| 6.- Secuenciáronse os contidos para cada unha das unidades didácticas? |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada obxectivo para superar a materia? |
| 8.- Asignouse a cada contido o peso correspondente na cualificación ? |
| 9.- Vinculouse cada obxectivo a un/varios instrumentos para a súa avaliación? |
| 10.- Asociouse con cada unidade os temas transversais a desenvolver? |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial? |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos contidos curriculares? |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación? |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? |
| 22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada competencia? |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás competencias? |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? |

| |
|---|
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e  instrumentos? |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan educativo do centro? |
| 32.-  Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? |
| 33.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? |
| 34.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe? |
| 35.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física? |
| 36.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? |
| 37.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado? |
| 38.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? |
| 39.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEE? |
| 40.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEE? |
| 41.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? |
| 41.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación? |
| 42.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula? |
| 43.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? |
| 44.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado? |
| 45.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? |
| 46.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade? |
| 47.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEE? |
| 48.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar? |
| 49.- Intercálase o traballo individual e en equipo? |
| 50.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral? |
| 51.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe |
| 52.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar? |
| 53.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc? |
| 54.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc? |
| 55.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos? |

| |
|---|
| 56.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado? |
| 57.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares? |
| 58.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, etc.? |

**Descrición:**

Indicadores de logro relativos á avaliación da programación: do 1 ao 32.
Indicadores de logro relativos ao proceso de ensino-aprendizaxe: do 33 ao 43.
Indicadores de logro relaticos á práctica docente: do 44 ao 58.
Cada un destes indicadores cualificarase cunha nota do 1 ao 4: 1 (Non, nunca), 2 (excepcionalmente), 3 (habitualmente), 4 (Si, sempre)

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Seguemento da programación.
O departamento de filosofía fará un seguemento mensual da aplicación da presente programación que se verá reflectido no libro de actas. No caso de que se percibisen disfuncións ou calquera circunstancia anómala que impedise a correcta implantación desta programación didáctica, levaranse a cabo todas as actuacións precisas, amparadas e debidamente xustificadas na lexislación vixente.

Avaliación da programación.
O departamento de filosofía avaliara a idoneidade de cada un dos elementos da presente programación didáctica e reflictirá a devandita avaliación tanto no libro de actas ao longo do curso, como especialmente na memoria final de curso.

Propostas de mellora.
Unha vez feito o seguemento e a avaliación da presente programación didáctica, o departamento de filosofía fará as propostas de mellora que considere máis acaídas en función da casuística que se vaia presentando ao longo do curso. Estas propostas de mellora reflictiranse no libro de actas e na memoria final de curso, e serán tidas en consideración na elaboración de posibles addenda, así como en sucesivas programacións desta materia.

## 9. Outros apartados